

Política Enerxética e Minas para modificar as ditas normas, após informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Con data do 4 de xullo de 2006, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas envioulle á Comisión Nacional de Enerxía unha proposta de resolución de modificación do punto 3.6.3 da Norma de Xestión Técnica do Sistema n.º 3 «Programacións», para o seu informe.

Con data do 20 de xullo de 2006, a Comisión Nacional de Enerxía emitiu o informe 24/2006, sobre a dita proposta.

De conformidade co disposto no artigo 65 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, o Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, e a Orde ITC/3126/2005, do 5 de outubro, pola que se aproban as normas de xestión técnica do sistema gasista, e facendo uso da facultade de avocación prevista no artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resolvo:

Artigo único. *Nova redacción do punto 3.6.3 da Norma de Xestión Técnica do Sistema «NXTS-3».*

Modifícase o punto 3.6.3 «Viabilidade das programacións de descarga de buques» da Norma de Xestión Técnica do Sistema Gasista «NXTS-3», publicada por Orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, do 5 de outubro de 2005, que queda redactado como segue:

«Cada usuario das plantas de regasificación terá dereito a manter no conxunto do sistema unhas existencias medias de GNL por un valor inferior ou igual a 8 días da súa capacidade total de regasificación contratada no conxunto das plantas do sistema. Se a cifra así calculada fose inferior a 300 GWh, os usuarios que descarguen gas nas plantas de regasificación terán dereito, no conxunto das plantas de regasificación do sistema, a 300 GWh de existencias medias.

Para os efectos anteriores, o xestor técnico do sistema determinará as existencias medias de GNL de cada usuario con periodicidade diaria, calculada como a media aritmética das existencias diarias de GNL do usuario no sistema, para o mes móbil anterior (30 días), e comunicarallas ao usuario xunto cos balances diarios (n+2).

Entenderase, para os efectos desta norma, como un mesmo usuario da planta o conxunto de usuarios que pertencen a un mesmo grupo empresarial.

Cando as existencias medias de GNL dun usuario superen o máximo valor permitido, o titular das instalacións procederá a lle aplicar ao exceso de GNL que se encontre por riba do dito valor o canon de almacenamento correspondente incrementado de acordo co seguinte:

Ao exceso inferior ou igual a medio día da capacidade contratada aplicaráselle 5 veces o canon de almacenamento de GNL.

Ao exceso superior a medio día da capacidade contratada aplicaráselle 30 veces o canon de almacenamento de GNL.

Esta facturación terá a consideración de ingreso liquidable do sistema.

En calquera caso, o xestor técnico do sistema, en colaboración cos titulares das plantas de regasificación, poderá denegar as descargas de buques cando o usuario dispoña no conxunto das plantas de regasificación dun nivel de existencias de GNL superior a 5 días da súa capacidade de regasificación contratada. Igualmente, o xestor técnico do sistema poderá denegar as programacións mensuais de descarga de buques cando se poña en

perigo a seguranza do sistema ou cando o usuario exceda o nivel de existencias medias de GNL ao cal ten dereito.

Con independencia de todo o anterior, toda programación de descarga de buques estará limitada pola capacidade física de almacenamento que se encontre dispoñible nos tanques de GNL en cada momento, aínda que os transportistas, en coordinación co xestor técnico do sistema, farán os seus mellores esforzos para facer a programación factible coordinando a operación de todas as plantas do sistema.»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor aos 15 días da data de publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de xullo de 2006.—O secretario xeral de Enerxía, Antonio Joaquín Fernández Segura.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

14190 *ORDE APA/2555/2006, do 27 de xullo, pola que se establece o procedemento para a emisión do certificado sanitario oficial de exportación de carne e produtos cárnicos, en materias competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. («BOE» 185, do 4-8-2006.)*

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 12.2 establece a obriga de que toda exportación de produtos de orixe animal sexa sometida a inspeccións ou probas sanitarias, sendo necesaria a correspondente autorización sanitaria para ser despachada polas aduanas.

A exportación de produtos de orixe animal a países terceiros está condicionada, na maioría dos casos, ao cumprimento de determinados requisitos en materia de sanidade animal, establecidos polos países terceiros de destino, o que determina a necesidade de amparar as ditas partidas por certificados sanitarios de exportación, segundo os modelos de certificados consensuados cos países terceiros destinatarios.

A realización das inspeccións ou probas sanitarias á exportación e a emisión dos certificados sanitarios de exportación en materia de sanidade animal correspóndelle aos veterinarios oficiais que prestan os seus servizos nas áreas funcionais de Agricultura ou de Agricultura e Pesca das delegacións ou subdelegacións de Goberno, adscritas organicamente ao Ministerio de Administracións Públicas, pero dependentes funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co previsto no artigo 2.3 do Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servizos periféricos e de estrutura das delegacións de Goberno, que desenvolve a disposición derradeira segunda da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración do Estado.

Así mesmo, a Lei de sanidade animal establece, no seu artigo 7.1.j), a obriga dos exportadores de solicitar os certificados exixibles para a exportación na forma e condicións previstas regulamentariamente e é, segundo o artigo 14.3 da citada lei, responsabilidade exclusiva do exportador a exportación sen a obtención previa do certificado sanitario.

Por outro lado, o Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguraza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguraza alimentaria, establece no seu artigo 18 a obriga de que todas as empresas alimentarias relacionadas coa produción, transformación e distribución de alimentos implanten un sistema de rastrexabilidade dos seus produtos.

Por iso, todos os axentes económicos e operadores implicados no proceso produtivo deben dispor dun sistema de identificación e rexistro que permita obter información de toda a cadea de produción e establecer a relación entre o produto final e o animal ou grupo de animais involucrados, co fin de poder acreditar as condicións sanitarias das explotacións de orixe dos animais a partir dos cales se obtén o produto obxecto de exportación.

O artigo 7.1.b da Lei de sanidade animal dispón, entre as obrigas dos particulares, incluídos os exportadores, facilitar toda clase de información que lles sexa requirida pola autoridade competente sobre o estado sanitario dos animais e produtos de orixe animal, os produtos zosanitarios, os produtos para a alimentación animal e, en xeral, os demais medios relacionados coa sanidade animal que teñan ou tivesen baixo a súa responsabilidade. A citada lei prevé o establecemento dos necesarios controis e inspeccións para o seu cumprimento, outorgándolles carácter de autoridade aos funcionarios actuantes e establecendo un réxime sancionador para o efecto.

O obxecto desta orde é, por tanto, establecer o procedemento para a emisión do certificado sanitario oficial para a exportación, en materia de benestar ou sanidade animal ou outra competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando esta sexa exixida polo país terceiro de destino da carne ou os produtos cárnicos, baseado na información achegada polos operadores sobre a orixe e características da mercadoría e as inspeccións documentais e físicas previstas na Lei de sanidade animal, que deberán servir de base para que o veterinario oficial emita o correspondente certificado sanitario. Esta autorización é independente da prevista na Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 12 de maio de 1993, pola que se establece o certificado sanitario oficial para a exportación.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto desta orde é establecer o procedemento para a emisión do certificado sanitario oficial de exportación de carnes e produtos cárnicos a países terceiros, cando por parte dos países destinatarios se establezan condicións en materias competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Esta orde non será de aplicación cando, para a entrada de carnes e produtos cárnicos desde España nun país terceiro, este non exixa certificado sanitario oficial en materias de competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3.13 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, nos puntos 15 e 16 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo

que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguraza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguraza alimentaria, e no anexo I do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Certificado sanitario oficial de exportación: documento sanitario expedido por veterinario oficial, en que se especifican as condicións de benestar animal, sanidade animal ou calquera outra do ámbito de competencias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que cumpren os produtos que se van exportar, en función dos acordos adoptados oficialmente co país terceiro de destino.

b) Veterinario oficial: funcionario licenciado en veterinaria, adscrito ás áreas funcionais de Agricultura ou de Agricultura e Pesca das delegacións ou subdelegacións de Goberno, e dependente funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente para a realización das inspeccións e controis sanitarios previstos no artigo 14 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

c) Lote: partida de carne ou produtos cárnicos producidos, manipulados, fabricados ou envasados no mesmo establecemento e as mesmas circunstancias, e susceptibles de ter os mesmos riscos. Inclúirase como máximo a carne ou produtos cárnicos procesados nunha mesma xornada de traballo polo establecemento.

d) Lote de sacrificio: conxunto de animais sacrificados no mesmo matadoiro e nas mesmas circunstancias. Constituirase de forma que non conteña animais de distinta especie ou categoría e que permita sempre identificar as explotacións de procedencia dos animais. No caso do gando vacún, non se poderán establecer lotes de sacrificio no matadoiro.

e) Operador: as persoas físicas ou xurídicas responsables de asegurar o cumprimento dos requisitos da lexislación alimentaria na empresa alimentaria baixo o seu control.

Artigo 3. *Condicións e modelo de certificado sanitario oficial de exportación.*

1. O exportador poderá coñecer as condicións e o modelo de certificado sanitario oficial, exixibles á carne ou produto cárnico que se vai exportar en función do país terceiro de destino, acordadas oficialmente cos países terceiros de destino, mediante consulta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou ás áreas de Agricultura ou Agricultura e Pesca das delegacións ou subdelegacións do Goberno, ou acceso á páxina da internet do dito ministerio.

2. En caso de non existir un acordo oficial respecto da carne ou produto cárnico que se vai exportar, co país terceiro de destino de que se trate, nin, por tanto, un modelo de certificado sanitario oficial de exportación, se non hai constancia de ningunha restrición aplicable á dita exportación, nin de que o país terceiro de destino non admita a exportación da carne ou produto cárnico desde España, o veterinario oficial, tras a realización das inspeccións que puidesen proceder, poderá expedir, se así o solicita expresamente o exportador, un certificado sanitario oficial de exportación xenérico, segundo o modelo aplicable no momento da solicitude.

Artigo 4. *Solicitude.*

1. O procedemento iníciase por solicitude do exportador, o cal, unha vez coñecido o modelo de certificado sanitario oficial de exportación exixido, deberá presentar a correspondente solicitude de emisión, mediante

os formularios dispoñibles no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e na súa páxina da internet.

2. A solicitude poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes poderanse presentar en soporte papel ou por vía telemática.

3. Á solicitude debidamente cuberta e na cal constarán os aspectos establecidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xuntaranse os documentos seguintes:

a) Se o solicitante é persoa xurídica, poder notarial que acredite debidamente a representación en nome da dita persoa xurídica.

b) Se o solicitante é unha persoa física diferente do exportador, carta do exportador en que autorice o solicitante a presentar no seu nome as solicitudes de emisión do certificado sanitario oficial de exportación, facendo constar os datos relativos ao solicitante (nome, NIF/CIF, domicilio, teléfono, n.º fax, correo electrónico).

4. Por cada solicitude presentada, a Dirección Xeral de Gandaría expedirá unha comunicación de recepción tanto ao exportador como ao operador en nome do cal se presentou. Esta comunicación poderase remitir por correo electrónico ou por fax.

Artigo 5. *Tramitación.*

1. Tras a presentación da solicitude, o exportador deberalle presentar ao Servizo de Inspección de Sanidade Animal da Delegación ou Subdelegación do Goberno correspondente a documentación necesaria para efectuar a inspección veterinaria que se establece neste artigo, cunha antelación mínima á data prevista de exportación dun día hábil se a inspección se realiza no dito servizo, ou de tres días hábiles se é necesario o desprazamento do veterinario oficial para efectuar a inspección da partida.

2. O exportador deberá acreditar que as explotacións de orixe dos animais a partir dos cales se obtivo a carne ou os produtos cárnicos obxecto de exportación cumpren coas condicións sanitarias exixidas polo país terceiro de destino e recollidas no correspondente modelo de certificado sanitario oficial de exportación, mediante a seguinte documentación:

a) Declaracións emitidas por cada un dos operadores de empresa alimentaria que interveñen no procesado da carne ou produto cárnico desde a saída da carne do matadoiro, segundo o modelo establecido no anexo I, que permitan asegurar a rastrexabilidade da carne ou produto cárnico en cada fase de produción ou transformación.

b) Declaracións dos matadoiros en que se sacrifican os animais que constituíron a partida de carne ou produtos cárnicos que se van exportar, segundo modelo do anexo II, pola cal se acredite, con base no seu sistema de identificación e rexistro, que posúen a información necesaria para identificar as explotacións de orixe dos animais a partir dos cales se obtivo o produto que se vai exportar, segundo o establecido no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, de 28 de xaneiro de 2002.

c) Declaración expresa do exportador, segundo o modelo do anexo III, pola cal manifeste coñecer as condicións sanitarias exixidas polo país de destino e, con base no sistema de información e rexistro de que dispón e as declaracións previstas nas letras a) e b) deste punto, declare que os animais dos cales se obtivo o produto que se vai exportar proceden de explotacións que cumpren

cos requisitos sanitarios exixidos. Para estes efectos, os gandeiros deberanlles poder acreditar aos matadoiros aos cales abastecen, por calquera medio válido, incluídas declaracións específicas, o cumprimento destes requisitos sanitarios.

Se a empresa exportadora é o propio matadoiro que sacrificou os animais, a declaración establecida nesta letra c) comprende os aspectos incluídos na declaración prevista na letra b), non sendo necesaria a presentación desta.

3. No caso de partidas de carne ou produtos cárnicos destinados ao consumo humano, o exportador deberá achegar, así mesmo, a documentación que determine a autoridade competente en materia de saúde pública, que acredite que a carne ou produtos cárnicos exportados cumpren as exixencias relativas a esta materia recollidas no certificado sanitario oficial de exportación obxecto desta orde.

Artigo 6. *Emisión do certificado.*

1. Tras a realización das inspeccións e controis correspondentes, incluída a comprobación da documentación prevista no artigo anterior, o veterinario oficial expedirá ou denegará o correspondente certificado sanitario oficial de exportación, segundo proceda, no prazo máximo de tres días hábiles desde a finalización do prazo de presentación da documentación que se prevé no artigo 5.1.

2. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditada resolución expresa, o exportador poderá entender desestimada a súa solicitude.

3. En todo caso, poderase interpor recurso de alzada ante o director xeral de Gandaría.

Artigo 7. *Controis.*

1. A veracidade dos datos achegados polos exportadores estará suxeita a control permanente por parte dos veterinarios oficiais.

Para tal efecto, o exportador deberá conservar durante un período mínimo de tres anos toda a documentación relativa a cada exportación realizada.

2. A Dirección Xeral de Gandaría aprobará un plan de controis ás empresas exportadoras por parte dos veterinarios oficiais, dirixido a verificar os datos achegados nas declaracións emitidas.

3. Cando o veterinario oficial así o solicite, no marco da execución dos controis a que se refire este artigo, o exportador deberá ser capaz de acreditar, por calquera medio válido, incluídas as declaracións dos gandeiros, as condicións sanitarias exixidas ás explotacións de orixe da carne ou produtos cárnicos.

Artigo 8. *Réxime de responsabilidade.*

1. En caso de que algún ou algúns dos datos consignados nas declaracións previstas no artigo 5 fosen inexactos, incorrectos ou falsos, ou así se descubriese con posterioridade, correspóndelle ao exportador asumir as responsabilidades patrimoniais que en calquera orde poidan derivar diso con respecto ao país destinatario das carnes ou produtos cárnicos, ou con respecto á persoa ou persoas, físicas ou xurídicas, do país destinatario, ás cales se subministraron ou se pretenden subministrar as carnes ou produtos cárnicos, sen prexuízo do posterior exercicio polo exportador, de ser o caso, das accións que poidan corresponder fronte ao emisor da declaración ou declaracións de que se trate, e con independencia doutras responsabilidades que poidan derivar en tal caso.

2. A exportación sen a obtención previa do certificado sanitario oficial de exportación, cando este sexa exixible, ou a exportación con base en certificados sanitarios oficiais de exportación diferentes ou con contido diferente dos acordados oficialmente co país terceiro, será responsabilidade exclusiva do exportador.

En todo caso, a Administración xeral del Estado unicamente responderá, de ser o caso, e de forma mancomunada co exportador, dos aspectos expresamente incluídos na certificación sanitaria oficial de exportación, e sempre que non conorra a responsabilidade prevista no punto 1.

Artigo 9. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Modificación dos anexos.*

Facúltase a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar, mediante resolución que se publicará no Boletín Oficial del Estado, os anexos desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de novembro de 2006.

Madrid, 27 de xullo de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

DECLARACIÓN DO ESTABLECEMENTO CÁRNICO

Nº de referencia:

ESTABLECEMENTO CÁRNICO¹.....

Empresa (razón social):

Actividade.....

NIF/CIF.: N.º. R.º.S.º:.....

Don/Dona

DNI....., en calidade de..... da empresa, e con relación á partida con número ou referencia, composta de² correspondente a animais da especie..... procedente do establecemento ou establecementos que a continuación se relacionan, e destinada á empresa, con número de documento comercial

Tipo de establecemento subministrador e razón social	Nº documento comercial	Nº lote do establecemento subministrador	Data preparación de canais	kg	Códigos identificación de canais vacún ³

DECLARA:

1º Que a empresa posúe un sistema de identificación e rexistro á disposición dos servizos veterinarios oficiais para o seu control, que garante a rastrexabilidade do proceso produtivo de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento (CE) nº 178/2002.

2º Que son certos os datos consignados nesta declaración e que se compromete a probar documentalmente todos os datos que figuran nela cando lle sexa requirido; neste caso, presentará copia dos documentos comerciais arriba mencionados.

A achega de datos incorrectos, falsos ou inexactos suporá a asunción das responsabilidades correspondentes previstas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e demais normativa aplicable, incluídas as sancionadoras.

E para que así conste, para efectos de rastrexabilidade dos produtos e para a exportación de carnes e produtos cárnicos a países terceiros, asina esta declaración en.....o.....de.....de.....

Asdo.:

(Selo)

¹ Para cubrir segundo empresa: sala de despezamento, almacén frigorífico, etc.

² Describir partida: produto e cantidade.

³ Consignaranse só cando o provedor sexa un matadoiro de vacún.

ANEXO II

DECLARACIÓN DO MATADOIRO

Nº de referencia:

Empresa (nome, razón social):

.....

NIF/CIF:....., Nº.Rº.Sº:.....

Don/Dona

DNI....., en calidade de.....da empresa e con relación á partida de animais da especie..... sacrificados neste matadoiro, e destinados a ⁴....., con número de documento comerciale coas datas e números de lote que a continuación se relacionan:

Data sacrificio	Nº documento de acompañamento dos animais	Lote sacrificio ⁵ / Códigos de identificación canais vacún ⁶	kg

DECLARA:

1. Que posúe un sistema de identificación e rexistro á disposición dos servizos veterinarios oficiais para o seu control, que garante a rastrexabilidade do proceso produtivo e que permite dispor da información necesaria para identificar as explotacións de orixe dos animais a partir dos cales se obtivo a materia prima de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento (CE) nº 178/2002.
2. Que a información relativa ás explotacións de orixe dos animais a partir dos cales se obtivo a materia prima está á disposición da empresa exportadora e das autoridades competentes, para efectos de rastrexabilidade e de cumprimento das condicións exixidas para a exportación de carnes e/ou produtos cárnicos.
3. Que son certos os datos consignados nesta declaración e que se compromete a probar documentalmente todos os datos que figuran nela cando lle sexa requirido; neste caso, presentará copia dos documentos comerciais arriba mencionados.

A achega de datos incorrectos, falsos ou inexactos suporá a asunción das responsabilidades correspondentes previstas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e demais normativa aplicable, incluídas as sancionadoras.

E para que así conste, para efectos da rastrexabilidade dos produtos para a exportación de carnes e produtos cárnicos, asina esta declaración en odede

Asdo.:

(Selo)

⁴ Consignar o establecemento de destino: sala de despezamento, etc.

⁵ Non procede en carne de vacún.

⁶ Consignaranse só en caso de matadoiros de vacún.

ANEXO III

DECLARACIÓN DO EXPORTADOR

Nº de referencia:

Empresa (nome, razón social) :

.....

NIF/CIF:.....

Don/Dona

DNI....., en calidade de.....da empresa....., no seu propio nome, ou en representación da empresa segundo escritura outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de, Don/Dona....., o día..... de.....de....., baixo o nº.....do seu protocolo, con capacidade xurídica e de obrar suficiente para este acto, e con relación á partida con número ou referencia, composta de, destinada a ser exportada a e á cal se achega a seguinte documentación para efectos de rastrexabilidade⁷ :

Empresa provedora	Relación de documentos (declaracións das empresas provedoras)

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que posúe un sistema de identificación e rexistro á disposición dos servizos veterinarios oficiais para o seu control, que garante a rastrexabilidade do proceso produtivo de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento (CE) nº 178/2002 e que permite dispor da información necesaria para acreditar que as explotacións de orixe dos animais a partir dos cales se obtivo a materia prima cumpren as condicións sanitarias exixidas por..... (país de destino) segundo o modelo establecido ASE-.....
2. Que a información relativa ás explotacións de orixe dos animais a partir dos cales se obtivo a materia prima está á disposición das autoridades competentes, para efectos de rastrexabilidade para a exportación de carnes e produtos cárnicos.
3. Que son certos os datos consignados nesta declaración, que por iso a partida reúne os requisitos exixidos e que se compromete a probar documentalmente, cando lle sexa requirido, todos os datos que figuran nela.

A autorización de exportación da partida, en caso de que algún dato declarado fose incorrecto, falso ou inexacto, suporá a asunción das responsabilidades correspondentes previstas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e demais normativa aplicable, incluídas as sancionadoras.

E para que así conste, asina esta declaración en odede

Asdo.:

(Selo)

⁷ Relacionar a documentación achegada en cada caso (declaracións de matadoiros, declaracións doutros operadores de empresas alimentarias).